

# A N O S A G A L I Z A



Ano XXXV — Núm. 486

Registro Nacional de la Propiedad Intelectual N.º 378.979

CORR ARGENT. Cent. B

FRANQUEO PAGADO  
Concesión 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2727

BOS AIRES, 16 NOVEMBRO 1953

## POLITICA E CULTURA Galiza Non E' un "Ismo" para Mellor Ocasión

Velaí dúas verbas que algúns consideran antitéticas e que para nós son complementarias. Política, como se pode ver en calquer diccionario, é o arte de gobernar un Estado. Cultura é o desenvolvemento intelectual ou artístico. Destas definicións sintéticas despréndese claramente que a política debe ser previa á cultura. Isto é que, para que a cultura adquiera un certo nivel de desenvolvemento, é necesario que o réxime onde aínda sexa amplamente democrático e liberal, a fin de non estar sometida a ningunha censura nin a ningunha traba de expresión. Sóio deste xeito se pode cultivar o espírito, cando o terreo lle ofrece todas as circunstancias favorables para el, así como unha pranta se cultiva mellor nunha terra boa e ben abonada. A tiranía é o réxime máis pernicioso para a cultura; é como unha xiada que convirte nun páramo o xardín máis froido.

Houbo na antigüidade un povo pequeno, moi pequeno, unha simple cidade, de cuio brillo vive aínda a nosa civilización: Atenas. Nela alcanzou a democracia un grado non superado; e a súa cultura, asombro do mundo, despois de fecundar o espírito de Roma, chegou, ao traveso da cristiandade, até os nosos tempos, sin que aqueles filósofos e artistas maravillosos teñan que avergonzarse dos de oxe en día. Nada hai no espírito humano que haxa escapado á súa curiosidade, e moitas das verdades de agora foron xa intuídas por aqueles homes escepcionais. Así, mentras nos grandes imperios rexidos por déspotas, a cultura murchábase ou desaparecía na barbarie como sucedeu na invasión do imperio román pol-as tribus xermánicas, un povo minúsculo, exemplo de liberdade e democracia, foi o berce do acervo científico, artístico, filosófico e literario que ilumina aínda, a humanidade.

Si eisiste, pois, un povo que está sometido á máis negra tiranía, inútil é que nos esforcemos en facer cultura para salvalo. Nunca chegaremos a poder dicir todo o que sexa mester, toda a verdade núa para levar ao espírito dese povo a eisecta visión da realidade; será unha cultura mediatizada, deformada ou diminuída; unha cultura falsa.

Esto dicímolo en termos xeraes; pero no referente ao momento actual da nosa Terra, Galiza, non podemos nin debemos abandonar aos nosos irmáns que alá, no inferno en que viven, non teñen outro medio de loita que eisaltar as virtudes do noso povo, dar a coñecer os tesouros de tradicións que se atopan escondidos, falar do que fomos, do que somos e do que aspiramos a ser, anque non sexa dunha maneira errara, para non abrir os ollos da censura; traballar, en fin, por todo o que pode elevar o nome de Galiza e darnos a conciencia do noso valer. E os que nos encontramos fora daquela cárcere, temos a obriga de superar aos que non poden dicir nela todo o que no seu pensamento fica oculto, por temor a un sacrificio estéril. Nós debemos facer desde aquí a labourea cultural necesaria e verdadeira para que chegue aos ouvidos do mundo enteiro e principalmente aos ouvidos dos nosos irmáns que sofren a feroz ditadura que os aferrolla.

Agora ben, ¿debemos darnos por satisfeitos, despois de haber cumprido con este sagro compromiso cara o noso povo? De ningunha maneira. O limitarnos a unha acción tan pouco efectiva, por moi meritória que fora, sería pouco menos que unha traición á memoria dos nosos mártires, de todos os mártires que morreron por defender unha idea, que é a nosa, pola que loitamos, pola que nos sacrificamos —hai que dicilo, porque non só se sacrifican os que fan o don da súa vida—; pola idea que o noso inmortal Castelao tamén se sacrificou e cecais morreu. Por todo elo temos que emprender unha acción máis eficaz, máis viva, máis real; nunha verba, temos que emprender a acción política.

¿Cómo? Non é este o lugar para dicilo; pero, si queremos que o noso povo poida algún día verse ceibe das cadeas que o escravizan, hai que seguir outro camiño para liberalo.

¿Que a tarefa é moi difícil? Non-o negamos; pero hai que intentalo; hai que usar todas as armas, hai que apelar a todos os recursos, hai que aproveitar todos os intres, para despertar conciencias, decidir vontades e provocar un estado de inquietude que irrite os ánimos e concite os odios contra os causantes da nosa desventura.

Non queremos poñer de manifesto o exemplo de Irlanda na loita sobrehumán que mantivo contra Gran Bretaña, hastra conseguir a súa independencia. Ese é un exemplo tan extraordinario, que comprendemos que nós, oxe por oxe, non-o podemos imitar, por moi boa vontade que tivéramos. As circunstancias son distintas; nin en poder financeiro, nin en poder humano, e posibel compararnos o máis mínimo aos nosos irmáns celtas da verde Eirín.

Non embargantes, esa admirable loita ten para nós moitas ensinanzas. Ela amóstranos que non debe haber ningunha transixencia cos inimigos; o bó galego, o que quere para a súa Terra un anaco de liberdade e de xustiza, debe ter para todos os seus opresores, calisquera que sexan, o máis solene desprezo, a máis dura verba nos beizos e chegar incruco ao ataque persoal. Deste modo, certamente, non logramos pronto conquistar os nosos anxeos; pero abriremos un vieiro que será o único que nos conduza á vitoria.

Sen dúbida que é un vieiro cheo de asperezas e sinsabores; mais non hai outro para chegar ao fin dos nosos desexos. O que teña ánimos para recorrerlo non debe esquecer as verbas do Cristo: "Toma a túa cruz e sígueme". Soamente coa cruz ao lombo podremos liberar á nosa Terra; con xogos froares, somentes conseguiremos ramallos de rosas.

Resumindo, dúas accións se deben levar a cabo na loita emprendida para combater a tiranía de Galiza, non tan só a de oxe, senon a que data dos tempos dos Reis Católicos, a acción política e a acción cultural; a política, principalmente, dende o exterior, e a cultural dende fora tamén e dende dentro. Nós comprendemos que os que se atopan na Terra eisponíense a mil perigos que non esperimentamos os que estamos lonxe dela; por eso non podemos pretender que alá, se fagan as mesmas cousas que aquí; pero tampouco podemos acceder a ceñirnos a unha acción incolora, de vaselina e guante branco, que non produza noxo nos mandamáis peninsulares. Lamentaremos moito que estes nun aceso de violencia, en venganza cecais dos nosos ataques, cometan tropelías contra de persoas inocentes; mais non podemos darlle a esta loita, que para nós é xusta e obedece ao mandado dos nosos mortos, o carácter dun paso de rigodón ou dun congreso eucarístico.

Con toda cordialidade, pero con toda franqueza, eispoñemos a nosa maneira de pensar, que coidamos é a da maioría da nosa colectividade; i esperamos que todos interpreten e respeten a nosa posición, coma nós interpretamos e respetamos a dos demais.

Para nós sóio hai un norte na nosa loita, que nunca se cansou de recordar o noso inesquecible guieiro, e que nós debemos repetir hastra que constitua unha pesadela para os nosos opositores: ¡República para Hespaña e Autonomía para Galiza!

Os eistranxeiros enquistados no periódico "Galicia" parecen que recibiron un chamado a sosiego e revírsaron o lenguaje imprudente que viñan usando dunha tempada a esta parte. Xa n n febra de "Gloriosa" Sabela nin das águas biocéfalas mais non por iso mostran maior senso común, cecais porque ele ande escazo en certos miedos, sobor de todo, cando se trata de discorrir en col dos problemas nacionais galegos. En xeral, cada vez que se les dá por falar deles, caen na negación dos principios máis esenciais da nacionalidade e terxiversan do xeito máis absurdo e descarado os ideais que deben inspirar a acción das entidades galegas.

Os galegos non necesitamos nunca desos falsos redentores para sentir o chamado do noso deber. Sempre estívemos, na Terra e na emigración, firmes no posto de loita, consecuentes cos nosos principios democráticos e leales cos nosos deberes con Galiza. O sentimento democrático da nosa colectividade en todo intre se mantén aceso, pois é consustancial co noso povo, que sempre mostrou seu espírito aberto ás inquedanzas de liberdade e melloramento social, e frente ao entreguismo que prende en outros grupos, alí está a rexedume dos galegos frente a todos os intentos de infiltración feixista.

Cando os galegos e incidimos con outros povos en col dun problema sabemos xunguir os nosos esforzos, sin regateos i é así como na loita antifranquista a nosa colectividade aportou os meirandes esforzos sin importancia losreiros nin primicias que merecía e merecía por cantidades e cal-

idade. Mais ese entusiasmo noso i-ese desprendemento, non puden ser interpretados por ningún como un esquecemento dos nosos deberes como galegos e moito menos para que uns alieos, ignorantes das nosas cousas, venan a decirnos que os problemas de Galiza son "ismos" para mellor ocasión. Facer tal afirmación dende un periódico pagado por galegos é caer xa no insulto groseiro e no aldraxante desprecio a que está acostumado o centralismo castelán. Para esos señores parece que os galegos seguimos a ser hespáñoles de terceira e os nosos problemas estorbo no camiño, que é mester apartar.

Para os galegos, xentes de espírito aberto a todas as inquedanzas, caben todos os ideais e todas as variantes de pensamento democrático, pero o que non cabe é renegar da Terra Nal e dos problemas seculares que abrían a vida do noso povo de cando que todos eles son secundarios e sin importancia. Para un povo, o esencial e primario é a loita pola súa propia supervivencia, pola recuperación da súa propia personalidade nacional. Os demais son problemas máis ou menos secundarios, o que non quere decir precisamente que se deixen para máis adiante, pero si que deben resolverse a través da acción desenvolvida en percursos ideais esenciais de Galiza. A experiencia tennois demostrado claramente que sóio a acción dos galegos pode resolver os problemas de Galiza e impedir a súa luxusta postergación; por eso loitam os nosos contra a tiranía feixista con todas as nosas forzas, pero sin perder de vista que o noso obxectivo esencial é Galiza e que non sabemos

n ningún proveito en trocar un tirán por outro de calquer nova significación ou ideoloxía, que siga a negar os dereitos de Galiza. Decir con verbas falaces que se loita por Galiza negando esta premissa esencial é unha mistificación groseira e unha burra aos máis queridos sentimentos dos galegos.

Se tan só as afirmacións procederan dun galego, sentiríamnos con vontade de discutir a proba de espírito, que nin na emigración p de sacudir a paulina dese complexo de inferioridade imbuido polo espírito castelán. Mais vinda como veñen, de eistranxeiros enquistados no órgano dunha entidade galega, que tantas mostran ten dado da súa rexedume democrática e do seu sentimento galego, elo constítue un aldraxe que non se debe permitir pola honra de Galiza e polo bñ nome de galegos.

Sabemos diferenciar perfectamente a Federación de Sociedades Galegas e a súa honrosa traectoria de liña, de toda esa xente que fura e despreza os nosos problemas. A masa federada ten dados moitos exemplos do seu fondo sentimento galego, que invalidará unha vez máis barrendo dos seus lares a alieos irresponsables, que veñen a facer villando da súa renegación e cobardía. En ton estos nosos feitos quedarán na súa rexá traectoria como un episodio máis na liña constante contra os inimigos de Galiza e voltarán os luminosos tempos en que facea lo honor a Curros Enríquez e ao patriótico lema que invocou, "Galicia" volta a falarlle de patria aos desterrados e de liberdade e redención aos servos.

## GALIZA E AS BASES

Un acontecemento, do que sen dúbida han remanecer derivacións de trascendental importancia no futuro desenvolvemento da situación política e xeneral de Hespaña, constitúe a recente firma do trato bilateral, suscrito entre os gobernos de Washington e de Madrid, en virtude do cal os Estados Unidos, fanse cargo dun número determinado de bases estratéxicas en territorios peninsulares.

Hespaña, que dende longos anos fica ao marxen dos trafegos económicos, culturais, diplomáticos e militares de Europa, consecuencia lóxica d-unha costante e cada vez máis acentuada declinación, enceta co feito que nos ocupa, un novo período histórico, polo que ten de se engadir a vida aitiva dos países europeos, pro non certamente pra encher papeis protagónicos, senon, en troques, nun vergoñete o humilde estado de colonia que non a outra cousa equival a situación de vasallaxe que por mor do trato suscrito, se coloca con respecto cos Estados Unidos e indireitamente, cos países signatarios do pacto do Atlántico.

A propaganda falanxista armou arredor do feito que nos ocupa un balbordo publicitario de grandes proporcións, cal querendo amosstrar nelo o meirande trunfo da diplomacia do réxime. Como si o histerismo posto de releve — que parés que non tivera outro oxeto que o de enganar a si mesmos, afogando os remonsos da pouca conciencia patriótica que sempre tiveron os españois — non fora a máis categorica demostración da falsidade de tal trunfo. Hespaña, na actualidade, amostremos, aínda máis que en épocas pasadas, coma unha traxica e ridícula caricatura os mesmos persoceiros que fai somentes 17 anos alcenderon a máis cruel e sangui-

fienta guerra civil co gallo de fauer da Hespaña "Una, grande y libre", de reconstruir o "Imperio" e doutras argalladas españoleiras do mesmo xeito, ollámoslos agora entoando laudes a un acontecemento que convirte o país nun virtual estado de colonia. ¿Era mester que pra outer tales "trunfos diplomáticos", morreran perto de 2 millóns de cidadáns, que se asolagaran nun mar de destrución as riquezas do Estado e se malbaratara o tesouro da facenda en instrumentos de morte e violencia a empregar contra os propios conveciños?

Dende logo que nós non caemos no erro de crer que todos os males que sofren os povos peninsulares

semanegan enteiramente do réxime que actualmente os agriolla sin que con elo queiramos xustificar o dito réxime nin moito menos. Nós non enxerguemos somentes os efectos, senon as causas que os orixinan; emporiso que coidamos que o dito réxime é a lóxica consecuencia dun longo proceso histórico, caracterizado por anxeos de predomnio de mando de intolerancias, de ir encol de ridículas e absurdas abstraccións. Un desenvolvemento histórico, que aicióna rexido por tales módulos, non pode colleitar máis que ruínas, desastres, miserias. O pacto bilateral que comentamos é a culminación da ringleira de fracasos a que levou á Península o Estado Español. O trato devandito foi suscrito por Paco primeiro como podoselo por un Enrique, un Calros ou un Alfonso calquera. Ise pacto foi ideado e planeado por Sabela de Castela e Fernando de Aragón xa que da súa acción remanecen todas as desgraicias de Hespaña, inda que así non crean os españois de dereita e de esquerda; o cal nos demostra una vez máis que entréles non hai diferencian no tocante a sentimentos centralistas; o unico que os arreda é o coor dos seus pendóns.

¿Cál ten de ser a posición de Galiza perante a nova situación que se lles plantea aos povos españois?

Os galegos, bós e xenerosos, que foguemos da Patria Galega o norte dos nosos anxeos e de todos os ideais e inquedanzas, do noso espírito, coidamos que o novo "Status" non altera de xeito fundmental a situación galega.


Galiza trocará de amo, pro non de estado, xa que si pol-os alcanes do pacto deixara de pertencer a esa frustración colectiva que se chama Hespaña, pra ser unha posesión dos Estados Unidos, sin que

(Continúa na pág. 4)

### 7 de Novembro

Data gloriosa na épica loita sostenida polos povos hespáñoles en contra do ataque nazifeixista pra derrubar a República do 31. Naquel día a capital de Hespaña mostrou o coraxe do povo que se dispuxo a defender o réxime democrático e liberal que el mesmo se había dado. Nós tivemos a honra de estar representados nese momento histórico pol-as milicias galegas, que verteron o seu sangue, enaltecendo o nome da nosa Terra, cuos fillos sempre foron xenerosos para sair en defensa da liberdade. Oxe, diante do pacto infame que acaba de ser firmado entre o ditador hispánico e o capitalismo yanqui, recordamos emocionados aquela data e renouvamos os anxeos de recuperación da República para que nela Galiza poida recobrar o seu dereito de posuír un goberno propio.





O GOOL DE FERREÑO... Ferreño é un dinámico e simpático futbolero "cento per cento" e como é home de moitos folgos, inda ten tempo e vagar pra adicarllo ao Centro Galego, e inda máis...

O outro día, na Asambrea anual de representantes do Centro, tratouse o asunto idiomático da correspondenza de relacións con entidades e persoas afíns.

Houbou varias intervencións e todas elas, coincidentes neste punto: toda a correspondenza dirixida ao Centro en galego, debe contestarse no mesmo idioma. Asunto resolto. ¡Qué te crees tú eso!... De sócato, Ferreño, erguendo os brazos, ceibou a berrar: ¡Orsay, orsay, orsay...! E dirixíndose ao oficial de xustiza alí presente, como si fora o "referee" da cancha, espetoulle carraxento: ¡ese gool foi d'orsay, d'orsay!! Porque d'acordo aos Estatutos e ao Convenio...

CONVENAMOS EN QUE o Ferreño é un bon rapaz. Un pouco impulsivo, é certo, mais no fondo, non é máis que un simpático "hinchita" de fútbol. A ele, que lle non veñan con filoxias, nin maldito se l'importan. Todo iso da cultura "gayega" nin-o entende nen o enxerguerá endexamáis. Emporiso que o millor é deixalo tranquilo...

Agora unha cousa: porqué lle non mercan unha pelota e unha camiseta de fútbol e o mandan a "patear" ao patio, cada vegada que haxa que tratar asuntos da cultura galega? Porque non vos vai deixar traballar tranquilos, e o día menos pensado, métevos un gool de "media cancha"...

O COITADIÑO DE DON BRAULIO o do "Nuevo Correo" anda adocido porque as cousas lle non saíron ben. Pro é que o asunto non é pra menos. Fracasoulle a colectividade galega, que non é moco de pavo, na antroidada hespañoleira do 12 d'Outubro. E tivo que conformarse cos "cuchipandeiros e milongueros" da "Santa Casa" da rúa San Xosé, que non representan a ningún...

Por todo elo, Don Braulio está "cabreiro" e cuspe sapos e cobras contra os galegos. Contra os galegos e as súas institucións, chegando na súa xenreira por dicir que, dende o poderoso Centro Galego á máis miúda sociedade comercial, somos un fato de "rojillos separa listas"... Moitas gracias, Don Braulio, moitas gracias...

O CERTO É QUE nós tomamos a cousa a risa porque non estamos na vixiga de Don Braulio, que si non...

¿Vós seica sabedes que Don Braulio foi "condecorado" fai cousa de dous meses polo-o goberno falanxista? E si agora lle sacan a medalla?...

Emporiso que temos de sere máis comprensivos e facernos de conta que o emprego de Don Braulio "é muito delicado"... Un simple fracaso esbandállao, déixao sen pitanza. E da medalla, nin falar...

Agora o coitado tomouna co Centro Galego, as "Xornadas Galegas" e a Comisión de Cultura.

Certamente que, si o Centro Galego publicase libros casteláns e tomara parte na antroidada hespañoleira do 12 d'Outubro, Don Braulio beillaba na punta d'un pé...

¡Probe Don Braulio! Qué l'imos facer, meu vello? As cousas hai que tomalas como veñen e da nada vae encabuxarse...

OS "RABANTOS" co asunto das Bases, fanse cada lio e din tantas parvadas que é como pra botarse as mans á cabeza. Por exemplo, nun editorial dun coñecido periódico galego de Bós Aires, co título — en letras moi gordas — "UNIDAD", o rabanito dis moi comido — en letras moi gordas — "UNIDAD", o rabanito dis moi comido — en letras moi gordas — "UNIDAD", o rabanito dis moi comido...

Si será mamalón este "rabanito". Pro é que Galiza non está ocupada por Hespaña dende fai catro séculos? Nembargantes, apesares dos Reis Católicos, dos Carlos, Alfonsos, Felipes e Fernandos; do falanxismo, do idioma castelán e de toda a noxenta morrala hespañoleira que asoballa a Nosa Terra, Galiza é Galiza, meu vello, e non leirá que asoballa a Nosa Terra, Galiza é Galiza, meu vello, e non hai poder humano que a faga desaparecer. En canto a Hespaña... ¡Olé torero!...

LA COLECTIVIDAD dijo ¡NO!... nós acaramos: As colectividades galega, catalana e vasca, dixeron ¡NON! A hespañola, dixo ¡SI!, e si non, que llo pregunten ás carrozas...

NO XANTAR QUE as Agrupacións "A Terra", "Círculo de Santiago" e "Galicia" orgaizaron co gallo de porlle o ramallo ás obras do Centro Galego, houbo os consellos discursos. Un en galego e tres do Centro Galego, houbo os consellos discursos. Un en galego e tres do Centro Galego, houbo os consellos discursos. Un en galego e tres do Centro Galego, houbo os consellos discursos...

NO AITO D'HOMAXE a Companys no Casal de Cataluña, entre outros oradores, falou o catalán Ripoll, espallador de tan meneada Unidade Hespañola e outras erbas. Mais vaiamos por partes: falou no baril e sonoro idioma de Verdguer, e, entre outras cousas deixou ben sentado que Cataluña é a única patria dos cataláns... Certamente, con homes así, podese botar un parrafeo...

¡AH! M'ESQUECIA... Os "rabantos" saíron escandalizados polas afirmacións catalanistas de Ripoll, e porque non falou en mozarabe... Ante eles estaba moi foncho, facendo punta, o "Mariscal de Campo". Non sabemos o que trataron nin as medidas que van a tomar os estrogodos, pois o seu encabuxamento era moi visíbel. ¡Ripoll, Ripoll, que lle fixeche aos teus irmáns?...

NUN LONGO EDITORIAL "rabano" na "Galicia" — os "rabantos" decote escriben longo — o editorialista pregunta moi foncho: "¿Cómo se puede calificar el deseo de parte de algunos irreflexivos — os irreflexivos somos nós — de que la organización gallega republicana más combativa y más importante de toda América y su prestigioso padrin, deba cambiar de manos?"

¡Eiqui te quero ver, escopeta!... De mans, de pés e d'acento, debe trocar a Federación. Eses estranxeiros acentos murcianos d'Estremadura, Andalucía e Madrí, que por moitos motivos tanto nos "hinchita" aos galegos...

I encanto ao paladín de marras, decime ché "rabanito", de que paladín me habías? Eu non sei se vosé m'entende...! Sacate la caretita, Sacate la caretita que te quero conocer,

TANGO MILONGA. (Continúa na pág. 4)

## COUSAS D'HESPAÑA

Co gallo de se cumprir derradeiramente o 7º centenario da Universidade de Salamanca, as autoridades falanxistas orgaizaron unha xeira de aitos nos que se incluía un homaxe ao gran pensador vasco don Miguel de Unamuno cadeiradeiro e reitor por moitos anos da devandita Universidade.

Pro cando os mesmos ian ter lugar, as autoridades dixuxeron a súa suspensión. ¿Razóns? Segun parés a completa subordinación do réxime ás autoridades, eclesiásticas, as que alegaron que Unamuno foi un gran herexe, mestre de herexias.

Dende logo que isto da herexia refirexe á intelixencia i-en Hespaña ser intelixente, e faguer uso do pensamento é un delito que se paga coa vida. Por algo berraban os xerarcas do réxime "¡Viva la muerte, muera la inteligencia!", e por algo Hespaña sempre ficou ao marxen da cultura, do progreso e da civilización europeas. Pro este é un mal que non ten cura, xa que o cerrilismo i-a intolerancia aos españois veniles de raza. Craro que tamén isto ten as suas ventaxas, por exemplo a de no oficio da misa o xefe do Estado seña mencionado en latín "DUCE NOSTRO FRANCISCO". Amor con amor págase.

## NON ESTAMOS D'ACORDO SEÑOR MIGUEL DE AMILIBIA

No aito en homaxe a Companys, o esgrevio patriota e mártir catalán, realizado no Casal de Cataluña, o señor Amilibia, campeonismo da Unidade Hespañola, fixo unha eixaltación dos Reis Católicos, arrañadores do imperio de Castela, esbandallado despois — verbas do orador — por guerras estúpidas...

Pra o señor Amilibia, a Unidade hespañola baixo o cerril imperio de Castela, foi unha acción espontánea. Craro está, que nós os galegos, temos perfectísimo dereito de pensar o contrario: que a entrada en Galiza da cruel e astuta Sabela, portando co pendón morado e o escudo sostendo as imperiais águilas bicéfalas, o asesiño machado que tallou a gorxa do Mariscal Pardo de Cela, defensor da liberdade de Galiza, trouxo a Inquisición, a escravitude, a fame e a diñidade mancada do noso povo.

Trais das imperiais águilas bicéfalas, veñan de Castela os decretos que ordeaban a morte de Galiza como nazón. O seu rico e saudoso idioma foi proscrito e a súa cultura anulada; a economía do país esfrangullada o obrigar aos señores feudais (os donos da terra) como castigo, (?) por defenderen a liberdade da súa patria, a emigraren e con eles as súas rendas, a Corte imperial de Castela.

A representación de Galiza en Cortes pol-a cidade de Zamora, e o éisodo dos campesiños galegos coa fouce ao lombo cara os queimados

### Nova comisión do Centro Pontevedrés

O Centro Pontevedrés, meritória e patriótica entidade da nosa colectividade, na Asambrea celebrada o 12 do derradeiro mes de Outubro procedeu ao cambio de autoridades, quedando a Comisión Directiva actual composta da seguinte maneira:

Presidente, José Iglesias; Vice Presidente, Eugenio García; Segretario, Cándido A. González; Pro Segretario, Vicente Velasco; Tesoureiro, Luis Villaverde; Pro Tesoureiro, Hilario López; Vocales, Antonio Rodiño, Severino Argibay, Manuel Casal, Antonio Ruibal, Manuel Pazos, José Freijeiro, Manuel Mourente, Oscar Lorenzo e Manuel Ucha, José Pociro, Angel Magdalena, (h.). José Sánchez, Venancio Pérez, Gonzalo Alén, Ramón Burgo, Jesús Tomé, Juan M. Martínez, Joaquín Campos, Juan M. Sanguinetti.

Revisores de Contas: José M. Ferreño, José M. Casallar, José F. Alegre e José Baladrón.

## MANIOBRAS DO CENTRALISMO REACIONARIO NA NOSA COLECTIVIDADE

Unha proba máis da infiltración hespañoleira, centralista e reacionaria na Federación de Soc. Galegas, a constitúe o homaxe aos Mártires Galegos, simbolizado no noso Proto-Mártir Alexandro Bóveda, realizado na Federación e que os reacionarios hespañóis que manexan dende agora a entidade, tiveron a audacia — e os da casa o callo ou a cordura de permitilo — de desvirtuar, dándolle ao aito un senso marcadamente hespañol e centralista, sendo este presidido pol-os retratos de García Lorca e Mariana Pineda...

Alexandro Bóveda, o noso Proto-Mártir nazonal, neste aito do 17 d'agosto que se ven celebrando, todo-os anos por todo-os galegos espallados polo mundo, de bandeira a reación hespañoleira que runfa nunha das importantes entidades da nosa colectividade, provocando o erro o confusiónismo, clima ideal pra os seus manexos centristas e reacionarios.

Fronte a este indinante de subordinación allecira antigalega por que atravesa a Federación de referencia, é doado por de noto, o homaxe que no Casal de Cataluña se rendeu ao Proto-Mártir catalán Companys. Foi un homaxe de catalanidade e democracia e alí, poidemos ollar os mesmos elementos hespañoleros e reacionarios, a rosmar porque o aito non responder aos seus turbios manexos centralistas.

E mester que os federados reaxan contra este indinante estado de cousas que desvirtúan e luxan, os principios galeguistas e democráticos que a Federación sostivo varilmente ao traveso da súa longa existencia.

A Federación é unha casa galega e ademiramos e sabemos honrar ao seu debido tempo, e lugar, a memoria dos próceres hespañóis, mais elo non ha servir, non debemos toleralo, pra crear confusiónismos noxentos que os hespañóis centralistas e reacionarios aproveitan pra os seus turbios manexos.

campos de Castela e a emigración galega en masa a América, é un alegato d'abondo elocuente, non lle parés, señor Amilibia?

Como se pode apreciar, polo-o sistema, os tan loucados — polos hespañóis centralistas e reacionarios — Reis Católicos, son uns magníficos eixempres de feixistas, precursores de Hitler, Mussolini e Franco.

Reparede no seu sistema: Había que anular a Galiza, nazón de grande prestixio cultural e histórico e amañouse contra dela unha guerra de sometimento. ¿As causas? O feixismo, decote acha as causas e cando non, inventaas. Neste caso, foi a pacificación do país por mor da belicosidade dos señores feudais galegos, como si os señores feudais

dos demais países, incluso Castela, fosen uns cómodos e tranquilos burgueses...

A invasión levouse a cabo e coa morte do Mariscal Pero Pardo de Cela, Galiza convertiuse nunha colonia de Castela.

A sortir do fatídico 17 de nadal do ano 1483 no que o mariscal Pardo de Cela perdeu a súa vida na defensa da liberdade de Galiza, o país galego entrou nunha longa noite d'opreixon espiritual e material e da cal comeza a despertarse. E non han ser os eternos papagaios hespañoleros espalladores de "ismos" a prol da "unidade de la patria" os que torzan os nosos acentos nazonais, porque sabemos moi ben o que queremos e a onde imos.

## O Galeguismo Forza Indestructible

por FIZ FERNANDEZ

No medievo encetase a noite secular galega. Despois da revolución francesa alboréase o rexurdir do novo día. Este pensamento ten fondo significado na esencia do galeguismo, como forza trascendente e de raigambre indestructible.

O medievo siñifica pra Galiza a asimilación da súa élite político-administrativa, representada polos señores da nobreza. Asimilación que leva tras de sí a sumisión do povo traballador a unha cultura allea, rematando sometido a unha política administrativa, tamén allea, co que a personalidade nazonal así asoballada esmorecía os seus dereitos diante dos demais povos do mundo. Os poucos restos de oposición, tal o caso de Pardo de Cela, teñen por iso un significado nazonal histórico, non por quen tivo a arrotada de se erguer en rebeldía, senón polo xeste en si como eispresión dun ancelo nazonal de supervivencia diferenciada. E o mesmo que cando erguemos a nosa bandeira, a cal estará feita de seda ou filo e como as bandeiras hespañolas, francesas ou calisqueira outra máis, Pre nós é símbolo representativo dunha idea. Idea que se enxendra nun propósito de asociación instintiva, teleolóxicamente evolutiva en col do perfeccionamento humano.

Sometidos e asimilados os señores galegos baixo da corte castelán, trocouse Galiza nunha sociedade rexida por filios cula esterilidade pra administrar os seus destinos abocados a unha tristeira situación, na que se nos chega a privar dos máis elementais dereitos, como o de representación en cortes. Cando unha élite recoñece dereitos a outra pra rexir

os destinos do seu povo confesa a súa incompetencia, e esta esterilidade provoca procesos sociais en que a masa popular degrada, e dixere aos seus dirixentes, formentando movementos que inzan o rexurdir nazonal, incitadas polo desconsolo da súa impotencia, ou polo incompatibilidade co extranxeiro. Outra veces, iste mesmo extranxeiro asimilase aportando a sangue nova pra levadura necesaria pra voltar a despertar do seu sono ao povo recoillido na indiferenza diante d'un contorno disimilar. Así foi como o povo galego, recoillido, indiferente, n-unha verba ausente no rexurdir hispánico por non responder a súa personalidade co común denominador das dereitas castelás carcomiu e esbau o señorío da minoría directiva confundíndoa e aniquilándoa hasta rexurdir unha nova élite de forma cultural, máis, de fondo nitidamente popular, favorecido polo-o movemento encetado na revolución francesa, que acadou co autolismo monárquico brindando posibilidades harto alentadoras.

O froito diste proceso histórico-social é xeración dos precursores i-a doutrina que abrangue na súa totalidade o problema cula traientoria esbozamos, é o galeguismo. Doutrina, como vemos, de raigambre fundamentalmente popular, por tanto democrática e patriótica nos seus máis cabales siñificados: políticos, sociais e filosóficos. Por iso eneca este breve comentario co calificativo a galeguismo de forza trascendente de raigambre indestructible. Indestructible como todo o que é eclosión na evolución d-unha maioría nazonal. Por ser lei na naturezaa evolución. E por ser indestructible a natureza misma



VALORES GALEGOS

Ramón Vilar Ponte

Co pasamento de Ramón Vilar Ponte ocorrido derradeiramente na cidade da Cruña, perde Galiza un dos máis varudos e constantes loitadores encol dos seus dereitos.

Ramón Vilar Ponte, soupo ser un patriota exemplar; toda a súa obra requintada e meritosa, amosa as inquedanzas do seu espírito bon e xeneroso, tomando de cote por espallar o coñecimento da gloriosa e secular cultura do noso país; é daquela vurdia xeneración galega que no ano 1916, douse a tarefa de reconquistar o herdo moral e material de Galiza, foi seu dúbida, polo seu aceso patriotismo, un dos valores máis destacados.

Cando as cadeas da reacción mózarabe asolagaron ao noso país, anxeioso de progreso e liberdade, Ramón Vilar Ponte foi unha das vítimas da súa cerril intolerancia, pro a pesares da gaiola, dos malos tratos, e das persecucións de que foi ouxeto; soupo manterse firme nos seus ideais patrióticos e democráticos, loitando por eles até onde era posíbel nas máis adversas circunstancias. Viveu e morreu sempre fidel a eses principios consustanciaes co sentimento dos verdadeiros galegos.

Irmandade Galega de Mendoza

Infórmanos de Mendoza que a Irmandade Galega da cidade curiana celebrou con patrióticos e axeitados aitos as xornadas da semana de Galiza, os que consistiron en audicións radiaes, aitos teatrales etc.

Nas devanditas xornadas coupolle unha destacada actuación ao noso compatriota e amigo Dr. Sánchez Guisande que á zazón atopábase en Mendoza.

Aléndonos comprobar que a fé patriótica dos galegos do interior sigue acesa aicionando encol do soergimento dos dereitos da nosa Patria.

Audición "La Voz de Galicia"

Dirixida polo popular Fernando Iglesias (Tacholas) e baixo o título de "La Voz de Galicia" veuse es pallando con éxito crecente unha audición galega que se transmite pola emisora Radio Antártida de 19 a 19.30 os luns e xoves.

Fernando Iglesias, un das súas relevantes calidades artísticas, unha condición que non é doado atopar en que nos como ele adicábase a anuar en público, xa que ademais da súa proverbial simpatía, fai gala de un patriotismo pouco común. Tacholas non somentes e bon artista, senón que é bon galego, que é tamén en certo xeito unha modalidade artística, emperioso que a Audición que dirixe, foi recibida con xeneral agrado, xa que veu ademais enchendo unha necesidade; a que ten Galiza de expandir todo canto constituen as súas particularidades folkloricas, culturais, étnicas, etc. que é seu dúbida un dos melleores xeitos de xerarquizalos.

GRAN AITO DAS MOCEDADES DE GALEUZCA

O día 31 do derradeiro mes de Outubro, levouse a cabo no casal do A. B. C. de Corcubión, Venezuela 2164, a primeira festa de fraternidade, orgaizada polas moceidades de "Galezca", a que constituiu un verdadeiro acontecemento esitoso, tanto pola gran cantidade de público concorrente, como pola brillanteza dos números folkloricos presentados.

Abreu o aito o representante, señor Neira Vila, quen nunha brillante e axeitada disertazón, explicou as razóns polas cales os mozos galegos, vascos e cataláns, aicionan xunguídos polas mesmas arelas da liberdade, por idénticos anxeios de progreso do seus respectivos povos.

Rematou o señor Neira Vila o seu discurso, interrompido por contínuos aplausos, cunhas verbas do gran Ces telao, que premiou a concurrencia cunha sostida e longa ovación.

A seguido fixo uso da verba, o señor Antón Iraxuzta en representación das moceidades vascas la Srta. Merja

Ramón Vilar Ponte era licenciado en Filosofía e Letras, colaborador da maor parte dos xornales e revistas de Galiza. Foi director do Correo Gallego do Ferrol, Alcalde de Viveiro, o seu povo natal. Pertenceceu como numerario á Academia Galega, habendo outido varios premios en concursos literarios, con temas sempre adicados a Galiza. Entre as súas obras principais figuran a Historia Sintética de Galiza, Doutrina Nacionalista e O Sentimento Nacionalista e o Internacionalismo, ademais dunha longa biografía do ilustre vivariense Nicomedes Pastor Díaz, que quedou inédita. O discurso que pronunciou co gallo do seu ingreso na Academia Galega, é un intrasante e magnífico estudo en col do movemento encetado en 1916 coa creación das

Irmandades da Fala, no que recolle o máis intrasante da labor ideolóxico e literario dunha época de recuperación l'estudo da nosa cultura autóctona. A súa derradeira obra, Dias, Feitos e Homes da Real Academia Galega serve pra pór de releve como Vilar Ponte intrasábase pola cultura do noso País, e coma sentía o amor a Galiza, o que demostrou sempre no decorrer da súa existencia, adicándose aos traballos e aos estudos sempre co pensamento l'co conrazón postos na Patria querida. Vaia por medio destas liñas, o sineiro homenaxe dos galegos de Bós Aires, pra quen coma Ramón Vilar Ponte soupo sempre ser fidel aos ideais da patria e da liberdade.

Luis Seoane Eispuxo en Viau

O primeiro d'Outubro p.pdo. pendurou seus óleos nos lenzos de Viau na, rúa Florida, o pintor galego Luis Seoane.

A exposición que durou do 1 ao 15, foi unha pelerinaxe de gostadores do arte. Artistas e entendidos, arxentinos e estranxeiros, atentos decote á produción artística deste notabel e personalísimo pintor galego, que cada vez, nos sorprende con novas mostras do seu arte vigoroso, de cores rotundos e trazos firmes e rexos.

Seoane chegou ao país vai alá pra quince anos, traguendo a Galiza nos ollos. Porque Seoane, apesares do tempo e da distancia, é un pintor fundamentalmente, xurdidamente galego. E cenéis compre decir eiqú, que a fidelidade é unha das súas características máis loadas; fidelidade integral, insobornabel a terra, e consigo mesmo, co seu arte.

Seoane tiña que ceibar o seu mensaxe e escolleu, o vieiro que ele sentía pra chegar á verdade, á súa verdade; un vieiro de fondas raíces raciais, ategado de problemas e dificultades que este infatigabel e rexo traballador do arte; soupo vencer con disciplina, sen desviárese endexamais do seu fito, andando ás apalpadelas na procura do éxito fácil e pasaxero, facendo concesións ao gran público cunha pintura boniteira e convencional.

Dos cadros eispostos, "Pareja de emigrantes", "Mujer ordeñando", "Muchacho emigrante", "El gaitero", e "La Siega", de fonda esen-

Casanova, en nome dos grupos cataláns, os que tamén foron entusiasmamente aplandidos pola concurrencia.

Após dos discursos de presentación, e alternando con ballabells, foron saindo a escea os conxuntos artísticos; tocándolle faguelo en primeiro termo a parexa galega Clotilde Iglesias e Picouto, os que bellaron maxistralmente unha muñeira, rubricada polo público cunha pechada ovación. Foron tamén moi celebradas pola entusiasta e animosa concurrencia, as intervencións do conxunto "O Sixto", e da parexa López Ximeno, aquela con gaitas f-estes con banda e guitarra, nas que interpretaron algunhas obras do noso ricaz e belido folklore.

Despóis das intervencións dos conxuntos de danzaríns vascos e cataláns, que puxeron unha nota de vida e coorido neste fermoso espedicento, alongouse a festa, chea de movemento e animación, até as horas da madrugada.

Verba maxistral

FATALIDADE ASIMILISTA

Como homaxe e lembranza a Ramón Vilar Ponte, o xurdio escritor e patriota galego recentemente desaparecido, publicamos este magnífico e valente artigo aparecido en A NOSA TERRA, (setembro do ano 1917) órgao das "Irmandades da Fala" en Galiza, do Partido Galeguista despóis, e hoxe en Bós Aires e América ao servizo do Galeguismo. E facémolo d'intento con data tan lonxana, co gallo d'ollar neste xurdio patriota galego, un dos precusores do noso actual Movemento Patriótico Nacional Galego.

Com'unha mala soma, com'a xenreira dunha mala fada que sobor da España caira, o asimilismo foi leit motiv que presidíu o asurdo proceso da historia peninsuar. Il segue sendo, aínda, o determinante d'actuación dos políticos da Meseta. O insiño de cinco séculos d'artificiosa unidade a base d'asimilación forzada, nada di aos nosos desgovernantes. O asimilismo, tendencia á simplificación, propósito sintético, redución a homoxeneidade do heteroxéneo e vario, é algo que predomina agora, como sempre predominou, no espírito castelán. A ningún pode fuxirsele qu'iste espíritu castelán é o que decote, hoxe como onte, crendo uns a todos os que integran a península, quixo faguer con eles un todo igual, armónico, sen diferenza algunha, ¡cal si fose obra praticabel o fundir e xuntar o

por

RAMON VILAR PONTE

que, por condicións de raza, costumes, chan, lingoa, etc., é tan oposto e contradictorio!

Castela núcleo central d'ista obra, en ningún tempo rematada, que se chama España. Foi a que infunden o seu espírito á Península; e como en Castela o asimilismo é algo qu'está no ambiente, Castela erixida en direitora dos destinos da Península, foi a que levou o seu fondo sentimento asimilista as costumes e á práctica do goberno e da política do Estado hispánico. O castelán, condooado polo meo xeográfico no que se desenrola, froito directo da terra na que foi nado, é dende o seu nacemento simplicitista; a monotonía da terra hirta, sempre a mesma, semella haberse modelado, com'unha vasixa impón á súa forma ao líquido contido n'ela, a alma do castelán, ¡eisi o castelán é nemigo do complica-

Don Pedro Campos Couceiro

Co ouxeto de ser sometido a unha intervención quirúrxica, háchase internado no sanatorio do Centro Galego, o prestixioso e xurdio dirigente galeguista, don Pedro Campos Couceiro.

Por iste motivo, o homaxe que pra honrar a iste ben querido patriota galego, fa ter lugar no casal do Centro Betanzos, o día 14 do corrente, orgaizado pola Irmandade Galega, houbo necesidade de aplazalo pra cando a saúde de D. Pedro permita levalo a cabo: o que se anunciará oportunamente, faguedalle presente aos poseedores de tarxetas do devandito homaxe, a conveniencia de conservalos pra cando ele poida cumprirse.

Envíamolle por meo destas liñas o noso garimoso saúdo a don Pedro Campos Couceiro, e fagumos votos por que o seu estado de saúde, pormitanos presto testificarlle a fonda simpatía l'a estimar, que conta, en ludos cantos, coñecemos as súas virtudes de patriota, de loitador e de amigo.

M. D. P.



Así son da zanfona

"Arriba España"

por VERDUGUILLO

O Porco está que non cabe en sí de ledicia tanta. Dendesde que o tío Sam fixo con él alianza, enguérnoselle as orellas, que tiña bastante laxas, e levantáuselle o rabo, direito como unha espada, gruñindo a todos os ventos: "¡Arriba España!"

"¿Quién me tuse a min agora? Éfome das democracias", dirá o verraco, mirando a todos con arrogancia. "Eu son o dono do mundo, fago canto me da a gana; xa non hai quen me desbanque nin ha faltarme a pitanza. ¡Viva meu padriño, viva! "¡Arriba España!"

"Acaso que algún afirme que vendín a miña patria para salvar o meu coiro, que en perigo se atopaba... Esas son cousas dos roxos, que me teñen moita rabia; a verdá é que, como nunca, oxe pode ser lanzada a voz pra nós tan querida "¡Arriba España!"

"¿Que a nosa nación sería sen remedio destrorada, si nunha nova contenda belixerancia mostrara?... ¿Pero haberá quen se libre da guerra totalitaria, que, como fogo do inferno, envolverá ao mundo chamas... Menta tanto, meus amigos, "¡Arriba España!"

Así rezonga o cochino coa súa cínica charla. Non lle importa que do povo frangullas as bombas fagan; o que lle importa a este cocho é ter chea a súa panza, e que lle chovan os dólares con prontidú a afluencia. Por eso o maldito berra "¡Arriba España!"

Quixo fundar un imperio, que ao de Calros eclipsara; mais fundou sóo un cortello, corrompido polas ratas. El as son as favoritas do marrano, que as ampara; elas son as que campean, as que engordan, se que mandan; elas en fin, as que chillan. "¡Arriba España!"

do, do complexo, non-o concibe; a súa tendencia é simplicitista, e a simplicidade, como algún dixo, é incompatible coa civilización. E sendo isto eisi, e habendo sido casteláns os que, século trais século, viñeron aituando na outa dirección dos destinos ibéricos, natural é que o seu instinto asimilista inspirásc todolos seus feitos, e qu'asimilación fose lei suprema que determinábase todolos seus aitos.

Mais é de ter en conta que dito sentimento asimilista fita con prevención, como cousa de perigo, todo aquilo que significa intento de diferenciación, tendencia a variedade, arela de sere ceibe. E como as diferentes nacionalidades qu'integran a Península son seres vivos, colectividades cheas de enerxía, non embargantes a lousa de promo da hexemonía castelán que sobor delas pesou tanto tempo e aínda segue pesando, chegou un momento, o actual, no que xa non podendo resistire máis tempo é abalada a súa vitalidade, esmorecida tan sóo, pol-os ventos da renovación qu'axitan ao mundo inteiro, pertencendo libertárense d'aquella unificación — a unificación da morte — botando por terra o uniformismo fatal que hoxe existe, uniformismo que non é outra cousa qu'a castración d'enerxías das nacionalidades hispánicas e a súa produción como seres vivos e cheos de vida.

Dícese que a liberdade colectiva é un postulado do moderno dereito. Contra isa afirmación admítase no mundo inteiro, érguese o sentimento asimilista que preside a política española, e que si poido producir fastos memorables d'épica grandeza, non é menos certo que tamén deu lugar a desastres enormes, que inda hoxe poñen xenreira no peito contra aqueles qu'os causaron. Pois si ben é verdade que mercede a il chegou a bicéfala águia de Castela — ave de presa ao fin — a domoñar baixo a súa punta un continente inteiro, ao que impuxo a súa lingoa e as súas leis, non é menos verdade qu'as mesmas terras d'ise continente amóstranse hoxe aos ollos do mundo inteiro, como definitiva condenación d'un sentimento, o asimilista, que querendo faguer d'elas unha nova Castela, sóo sirvén pra apresurar a hora da súa emancipación.

Os tempos van máis de presa que dinantes e os acontecementos precipítanse. Hoxe a vitalidade dos grupos nazionales que fan España, é cada vez máis rotunda e máis forte; ao miragre contribuiu d'un xeito decisivo o fracaso do asimilismo, que despóis de tanto tempo d'ensai, resulta máis desaxeitado que nunca pra rexire a dinámica do orgaismo ibérico. O asimilismo é o recuar, a reacción; e o mundo, lonxe de voltar no seu subir progresivo, camiña cada vez con movemento máis acelerado ao seu perfeccionamento que, n'iste caso, será o abranguer unha vida libre pra as nacionalidades, na cal, dona cada unha dos seus destinos, poidan todas fraternalmente, agarimosamente, desenvolver as súas actividades con liberdade plea e sin vasallaxe e sumisión e unha determinada, como agora sucede, que iso non sóo é indíño, sinón intolerabel.

Xantar a Cándido González

Orgaizado pol-os residentes de Carballo, agrupados pola sociedade "Lar Bergantiñán" foi servida o día 30 de Outubro derradeiro, unha cea de homaxe ao Sr. Cándido A. González co galle de haber sido favorecido co premio á mellor obra teatral dos concursos anuais do Centro Galego de Bós Aires.

A dita cea concurreu un calificado número de dirixentes da nosa colectividade, que quixeron testimoniar d'iste xeito, a admiración por Cándido González pola obra patriótica que ven desenvolvendo nas distintas entidades galegas.

Pra referirse a personalidade do agasallado, fixeron uso da verba es Srs. Cándido Rey, Fiz Fernández, Antón Alonso, Beito Cupeiro e Alonso Ríos; contestando o agasallado con emocionadas verbas de agradecemento os conceptos dos devanditos oradores.



**PRINCIPIOS DO GALEGUISMO**

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidade.

# A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

Déspotas insensatos,  
forxá, forxade grillos  
Pode oprimir o ferro  
Un corpo enfraquecido;  
Mais as nobres ideas  
E gloriosos instintos...  
Esas... non pode non o dure  
ferro,  
Nin a morte extinguillos.

EDOARDO PONDAL

Ano XXXV — Núm. 486

BOS AIRES, 16 NOVEMBRO 1953

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## Nación i Estado

Pra poder formarse un conceito eraro e xusto do problema galego ou mellor dito do problema ibérico en xeral, é mester establecer o verdadeiro valor semántico de dúas palabras, aparentemente sinónimas, pero, nom embargantes, totalmente desemeillantes entre si; son as voces Estado e Nación, que na Hespana, unhas veces por inorancia, e outras adrede, coa manifesta intención de manter o confucionismo que sobor delas existe, nunca foron aclaradas, até por homes de sinificación política destacada, e por un xornalismo que, máis que en servir de vehículo cultural do povo, ocupábase end enfender intreses de partido, de secta ou de casta.

O Estado é un ente xurídico, que debe ter por finalidade específica representar, defender i acrecentar o patrimonio económico, cultural, histórico, etc., da nacionalidade que representa. O Estado é o feito inmediato, a máis elemental finalidade funcional, que debe ter todo povo, porque o Estado é instrumento imprescindible de que ten que valerse pra conquistar os ouxetivos que as tradicións históricas, e o desenrolo cultural i económico lle sinalan, encol da máis outa perfección posibel das particularidades que o personalizan, tales como son a música e demais creacións artísticas, o idioma e demais manifestacións culturais, interpretacións filosóficas, maneiras xurídicas por que se rixe; todo canto constitúe o patrimonio moral e material, os xeitos vivenciais do seu cisur.

Non encher istas finalidades, refugar delas pra adoutar as alleas, é cometer unha estafa de lesa civilización; porque a civilización, de que tanto nos enorguecemos, non é outra cousa que as listintas aportacións das diferentes culturas, das particularidades, dos xeitos vivenciais, daqueles povos que souperon levalas a un outo grado de perfección. Povo que non da e que ten a ise patrimonio común que é a civilización universal, paga ista falla coa escravitude en que se sume, i-o desprecio que a súa falta de barileza acadada no conceito histórico; pero non existe a escravitude inda que se viva agrilloado por cadeas cando e ceibe o espírito, cando se ten conciencia e ancelos de liberdade; porque o espírito se non engaiola e se non somete a ningunha tiranía, tarde ou cedo, na crebar as cadeas en que o ser físico poida ficar sumido.

Si o Estado é un ente xurídico, ¿qué é a Nación? A Nación é unha comunidade natural, e digo natural, porque ao reves do Estado, non pode ser creación da determinación dos homes, por moito que sexa a estarnidade da sea acción, i-a riqueza densidade do seu espírito. A Nación xurde dun lento evoluir de séculos e orixínase nunha chea de factores que ficán fora de esfera da vontade e de poder humano. A Nación danlle forma, vivencia i-espírito: a Historia, a Xeografía, a raza, as lendas e tradicións, os xeitos do desenrolo económico; en resume, todo canto compón un "medio". Iste "medio" convírtese nun módulo potencial que tende a darlle

personalidade a isa comunidade natural que é a Nación. Todol-os compoñentes dunha nación, teñen co muns caracteres étnicos, económicos, culturais etc., a Nación é un povo. Agora ben; sentada ista premissa, recoñecida pol-as ciencias políticas modernas e pol-a maior parte das correntes político filosóficas, dende as de dereitas até as de esquerdas, ¿non resulta ridículo e trabucado pretender axeitar a Nación as Estado, en ves de sel-o o Estado á Nación? O Estado pode empequencese, agrandarse, destruírse ou modelarse, e pol-o mesmo, susceñibel de modificación. Pode ser — premitaseme a eispreción — natural ou antinatural, ou sexa, abranguer unha Nación ou máis de unha, sin que elo sinifique

### BIEITO CUPEIRO

que as Nacións sumidas baixo a hexemonia dun estado multinacional, deixen de ser tales pol-o feito de non teren dereitos políticos recoñecidos. A Nación en troques, non é suscetibel de modificación, xa que soio pode sufrir mudanza ao través dun longo percorrer de séculos. Emporiso o Estado debe ser o instrumento da Nación, pro endexamáis a Nación o instrumento do Estado. Iste absurdo, iste trabucado xurídico-político, é o orixe de todol-os males que dende catro longos séculos, veñen padecendo os distintos povos que compoñen o Estado Español, porque Hespana non é unha Nación senón un Estado. Hespana é un conxunto de catro Nacións: Galiza, Catañuña, Vasconia e Castela; rexidas por un soio ente político xurídico mal chamado Estado Español, porque en realidade non é outra cousa que o instrumento da domiñación castelán sobor dos demais povos de Hespana.

## Cada Cousea no seu Tempo

A miña boa amiga S. C. Recordando a súa nai

por KEN KEIRADES

O vello loitador galeguista, que co pseudónimo de Ken-Keirades é ben coñecido antre os escritores galegos, aos 80 anos de idade, atópase co espírito tan mozo como aos 20. Veleiquí a mostra.

A boa hora mangas verdes, dis que di un refrán antergo, que é o que me socede agora co-iso teu porfiado empeño de que uns versos ch-éi facere, cal si estivera nos tempos en que á túa nai lle cantaba, con apaixonado estro, as cadencias máis sentidas, os máis frolidos arpeños que a miña lira, inda virxe, lle arrincaba ao sentimento.

Nos tempos que frolescian tolas ilusións no peito: todo o mundo era un xardín, todo azul eran os ceos, o sol raiaba na i-alma, sin nubens o pensamento; ¡pro, miña santa, arrepara onde vai xa todo aquilo!

Os tempos foron pasando, perdúme a lira os acentos, e da vida, os desencantos, deixánome o peito seco; as inxustizas dos homes, máis que os anos que correron.

Tantas me fixeron, tantas, e con istinto tan fero, que cando a pensar me poño, sinto que non haxa inferno pra que os feitores do dano, que con saña me fixeron, foran pol-a a porta grande a comer lume ali dentro e pagar ali en xustiza canto eiqui deixaban feito. S-é que o hai, uns poucos d-eles xó estarán ali comendo i-os que faltan irán indo, pois perdoarilles non penso, que cousas hai que non teñen perdón de Deus nin do demo, anque nin a un nin a outro lle importen, según entendo. ¿Cómo qués, pois, que che cante co-ista carraxe que teño? ¡Estácho boa a zanfona pra se pór a darlle ó veo!

Sin horizontes na i-alma, coma non sexan ben negros, sin ilusións nin espranzas que ó peito lle den alento, non poido arrincarille á lira senon discordes acentos.

Mais ti, porfia e porfia en que ch-éi facel-os versos, cal si poidera dar zume un pau que caeu de seco, ou voar un paxariño que as aiñas lle raeron. ¡Probiña da miña lira que tal che terá o tempero!

Xa ves o que d-ila sae, anque en forzala me empeño. Non son queixumes de rula, non son tríos de xilqueiro, nin cantos de cotovia, nin asubios de melro; só berros serán de pegas ou chios de lagarteiro. Non son pétalos de rosas, que as auras espaxeraron; non son ramiños de frándio, dondos soaves e frescos, nin recedentes tomillos, que as ramiñas estendendo, estrelecan as rosíñas arrentes dos sibadeiros; non son brancas azucenas nin craveles abrilheiros; só unhas cantas follas secas das que voaron co vento que aquí e ali fun axuntando pra sair coiste esperpento

Non lle des voltas, amiga: cada cousa no seu tempo.

### LIBROS GALEGOS

En venda na Irmandade Galega

SEMPRE EN GALIZA por Alfonso R. Castelao

AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA por Alfonso R. Castelao

FARDEL DE EISILADO por Luis Seoane


PRESENCIA Y HONDURA DE CASTELAO por Marcial Fernández

A NOSA TERRA Número estraordinario adicado a morte de Castelao

SEARA NOVA Revista portuguesa adicada a Castelao

### Homaxe a Companys

O día 15 do derradeiro mes de Setembro, celebrouse no Casal de Catañuña, o aito de homaxe conque os cataláns honraron ao mártir das súas liberdades, Lloís Companys. Dito aito foi presenciado por unha gran afluencia de público e contou coa adhesión de moitas entidades democráticas. Faláron — ademáis do Sr. Amilibia — en nome do Consello de Galiza, o Sr. Bieito Cupeiro e pol-a unidade organizadora, o Sr. Ripoll; os cales fixeron un estudo das dramáticas circunstancias que orixinaron o "aguiño" de Companys, e defenderon os feitos que teñen os povos ibéricos á súa total e libre determinación.



(Ven da páx. 2)  
PREGUNTAN OS "RABANITOS" se non nos intresa a súa pre-dica "y lucha tenaz" — moito falan estes hespañóis — contra o ré-xime "hispanista", etc., etc...

Contestamos: Non nos intresa a vosa cháchara hespañoleira e centralista no seo das nosas institucións, máis aínda, refugámola e despreciamola por reacionaria e antigalega. E nos está parecendo moi ben, que metades violín en balsa e vos vaiades coa música a outra parte, que nós os galegos sabemos ben onde nos proe e como debemos rañarnos...

"LAUDEMUS RIANJES"  
"Laudemus" a parvós dos parvos, aparvados pol-a parvós conxénita dos mamalóns apurvigados pol-as verbas estranxeiras do idioma asoballador...

Louvemos Rianxeiros, todo o noso, e refuguemos aos mamalóns decote dispostos a aceptar o que nos imponen os estranxeiros coa teima de desfigurar o noso xurdido espírito galego.

Louvor a tí, ¡Ou Rianxo!, terra do ilustre Castelao, terra de Rianxeiros, nome sonoro i enxebre, terra de mariñeiros e labradores...

¡ERA O QUE NOS FALTABA!... Na plaga de "rabanitos" hespañoleiros que aitualmente asolaga á Federación, apareseunos un "lustra" do idioma de Cervantes, quen co tido de "Contrabandismo" escribe moi foncho: "Abundan los pistoleros del idioma castellano. No les parece un mayúsculo absurdo, eso de que en los ómnibus se diga "correrse" a los que están "parados"? E non che parés a tí, ché, Marcos, que debías "correrse" pra o Club Español, poñamos por caso, e deixarte de facel-o parvo?

UN "RABANITO" que firma F. Oliveira e que por lóxica do apelido non ha ser de Murcia, nen tampouco da Estremadura, fai unha esaltación do pais galego, hoxe tripado pol-os yankis por mor das Bases, e logo ponse a saloucar: "El idioma castellano tal vez pronto decidari suprimirlo por el inglés, etc..."

Decime ché, Oliveirita: ti és papaleixón, ou qué che pasa? ¿Qué xarope che deron os "rabanitos" hespañóis pra pensares asín? Dende cando o castelán é o idioma de Galiza?...

Ten en conta, que si os yankis chimpanan o idioma castelán e os casteláns fora do territorio galego, é algo que teriamos que agradecerlles, que nesa labourea estamos nós...

A FERRAMENTA DE DON PATRICIO... O bon de Don Patricio o "galeciano" en visporas de sair o periódico, uns amigos, coa teima de facerlle unha broma, agacháronlle o lápis e o coitado andaba todo desacougado na súa procura. E vendo que non daba con ele, ameazou todo carraxento: se non me dades o lápis, mañán non hai periódico... ¿Qué pavero que é este Don Patricio!...

LORENZO FRAGOSO.

## Aito de "Galeuzca"

Os mozos galegos, vascos e cataláns, organizados baixo a denominación de "Galeuzca", que tanto eisito acadaron no aito levado a cabo derradeiramente no casal do A. B. C. de Coreubión; dispóñense á programación dunha nova xeira de fraternidade, que terá por escenario as instalacións do "Euzkochocoa", prestixioso club vasco desta cibdade. O novo aito consistirá na presentazón de números folklóricos das tres nacionalidades, a cárrego de conxuntos de diversas especialidades artísticas, os que sen dúbida superando aínda a derradeira aituación, constituirán un gran atrativo cheo de vida e coorido; habéndose fixado o 16 do próisimo mes de Nadal como a data da súa realización.

## Galiza e as Bases

(Ven da páx. 1)  
nese troque se teña pra nada en conta a opinión da súa povoación, sempre ficará baixo un poder alleo que non comprende ren das súas necesidades, dos seus intreses e ideas. Pode secáis operarse un certomelloramento dalgúns aspectos da vida galega, porque unha cousa é ficar sumidos ao atrasado imperio de Castela e outra moi distinta estar baixo un Estado tecnicamente superior, pro con elo non nos engailamos, porque os bós galegos temos que ter conciencia e sentimentos de Patria e ademáis acobilamos no noso espírito sentimentos democráticos, e non podemos aceptar nunca de bon grado un réxime que leve implícito un estado de sometimento d-un povo por outro, e de tal xeito, a negación da máis xusta conquista das ciencias políticas modernas: o dereito á libre de-

terminación dos povos.  
Os galegos non queremos aturar ningun ha eras de dominacións alleas, nin a fracasada hexemonía castelán nin a egoísta e inhumán brutalidade dos novos amos, que apesares do pseudo liberalismo que pregoan, teñen sumidos aos povos d'América nun degradante colonialismo, e cuia falacia pouse de relevo co recente feito de opadriñar ao meirande tirano que tivo Hespana, logo da cháchara publicitaria empregada na última guerra, cando se facía pasar por abandonada da democracia, etc. etc.

Galiza pros galegos ao servico da humanidade, iste debe ser o noso lema, xa que nestas poucas verbas encérrase para a nosa Patria todo un mundo de posibilidades e ademáis os galegos sói poderemos lograr as nosas reivindicacións de resultados do noso esforzo colectivo.